



18 de febreiro

Un debate aprazado

Description

En Galicia a terceira circunscrición é a diáspora. Son 472.140 residentes no estranxeiro con dereito a voto, moitos máis que en **Lugo** (339.614) ou en **Ourense** (356.868). Un voto moi nesgado cara as opcións estatais. Por exemplo, nas últimas eleccións xerais, o BNG foi a quinta forza no voto CERA nas catro provincias detrás de **Vox** e **Sumar**, cando no interior os nacionalistas foron os terceiros en Lugo e Ourense e os cuartos na **Coruña** e **Pontevedra**. Foi Vox quen ocupou a quinta opción en todas as circunscricións.

Son moitas as vantaxes da participación política da Diáspora. Hai un precioso artigo de **Mª Xosé Porteiro** e **Facundo Muniain** publicado polo IGADI no **Informe anual da acción exterior de Galicia Nós No Mundo 2022-2023** (igadi.gal) para profundar no tema. Pero estas vantaxes non pode agochar os problemas que ten o actual sistema.

Hai que ter en conta que son votantes que non padecen os resultados de gran parte das políticas que elixen nin pagan os impostos que as financian. A súa sanidade, servizos sociais, impostos, etc ... dependen dos gobernos dos estados nos que residen. En segundo lugar, son electores que teñen importantes problemas de información pois, basicamente, reciben noticias da *política de Madrid*. En terceiro lugar, eliminado o voto rogado, o sistema ten menos garantías que o que se aplica en Galicia. E por último, pero non menos importante, hai un agravio comparativo con cidadáns residentes que si padecen as políticas dos gobernos, pagan impostos e que non teñen plenos dereitos políticos: os inmigrantes.

Galicia é a comunidade no que voto **CERA** (Censo de Residentes Ausentes) ten maior peso, a segunda é **Madrid** pois os descendentes de segunda ou terceira xeración que non acreditan a orixe dos proxenitores pasan por defecto ao censo de Madrid. E en Madrid, nas pasadas eleccións xerais de xullo, o voto CERA doulle un escano ao PP e quitandollo ao PSOE.

Cando o sistema de partidos galego estaba dominado polo **PPdeG**, **PSdeG** e mailo **BNG** non había moita diferenza entre o comportamento electoral do exterior e o dos galegos do interior. Agora, coa aparición de novos partidos, as diferenzas son significativas.

O maior risco que temos é que o voto do exterior cambie o resultado electoral que se produciu na Galicia territorial. Un escenario que non é imposible que se produza e que tería horribles consecuencias. Urxe que a próxima lexislatura se abra un debate, no Parlamento e na sociedade, para ver como coidamos dese tesouro nacional que é a Diáspora.

Artigo orixinalmente publicado na Revista Irimia.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Foreign action of Galicia

ETIQUETAS

Galicia Diáspora

INVESTIGACION

Paradiplomacy Diáspora Observatory

Date Created

January 23, 2024

Meta Fields

Autoria : 10740

Datapublicacion : 20231227

Subtitulo : Artigo publicado orixinalmente en Irimia